



Boletín Informativo do Concello



Nº: 43 FEBREIRO 2011

Axente Desenvolvemento Local

***O GDR Ulla Tambre Mandeo comeza a difusión e xestión do programa Leader no territorio.**

O Programa Leader conta cunha dotación de 3 millóns de Euros aproximadamente que se destinarán a financiar proxectos tanto produtivos coma non produtivos. Os interesados/as nestas axudas poden dirixirse ao equipo técnico do GDR no enderezo Avda. de Lugo s/n, 15821 Arca-Pedrouzo (O Pino) ou ben no teléfono 981 51 13 77.

***Convocatoria subvencións Plan Renove de Fiestras (DOG núm. 214 do 8/11/2010).** Axudas para a rehabilitación dos ocos acristalados da fachada, tanto o referente ao acristalamento como aos marcos ou perfís. Contía non superior ao 25% do custo total da obra. A solicitude farase a través das entidades colaboradoras adheridas ao Plan Renove Fiestras.

Avisos Varios

***Recollida de Plásticos Agrícolas.** Infórmase aos veciños que non se poden depositar os plásticos agrícolas xunta os contedores de lixo, senón que se debe avisar no Concello para que se pase a recollelos nas casas. Esta medida é moi importante para evitar que se amoreen durante todo o mes ao pé dos camiños xa que se non se ten avisado non se pasan a recoller.

***Recollida de Vidro.** Dende fai uns meses o Concello fai unha recollida de vidro polas aldeas o último venres de mes.

Os veciños deben sacar o vidro para xunta o contedor de lixo verde o día antes da recollida, xa que, se se saca antes o vidro esparéxese por toda a zona ou rompe, coa conseguinte problemática que isto supón.

***Cambio de contadores.** Todos aqueles veciños que queiran cambiar un contador de auga, por non funcionar ben ou por poñer un de máis capacidade, deberán avisar no Concello antes de proceder ao cambio do mesmo para que o noso persoal poida facer as comprobacións oportunas antes e despois do cambio de contador.

De non facer este aviso o Concello imporalle unha sanción ó titular do servizo.

Asemade, aproveitamos para aconsellarlles que de vez en cando revisen o consumo de auga, xa que se están dando moitos casos de fugas de auga que non se detectan ata que chegan recibos moi grandes.

Cultura e Deportes

***Acto de nomeamento de Suso de Marcos como fillo predilecto do Concello de Boimorto.** O vindeiro 5 de marzo, nun acto na Casa do Concello, faráselle entrega a Suso de Marcos da medalla conmemorativa do seu nomeamento como fillo predilecto.

Nomeamento que se aprobou no Pleno da Corporación Municipal celebrado o 30 de decembro de 2010. O acto dará comezo á 1 e media da tarde e logo haberá un xantar na honra do homenaxeado no pavillón municipal. O acto institucional será público e aberto a todos os que

queiran asistir, pero os interesados en participar no xantar deberán retirar a entrada (20€ x persoa) na Casa do Concello antes do 25 de febreiro. Na véspera deste día celebrarase unha pequena homenaxe ao artista no Centro de Dinamización sito no lugar de Liñeiro (Os Ánxeles) na que se descubrirá unha placa e haberá unha mostra da súa obra. A apertura de portas da exposición será ás 8 da tarde e ás 9 descubrirase a placa conmemorativa.

***Concurso de Comparsas de Entroido e Individual.** O Concello, como ven sendo habitual estes anos, organiza un Concurso de Entroido. Este ano farase o domingo 6 de marzo e o desfile comezará a iso das 16:00 dende o Centro de Maiores ata o Campo do Rosario. Os participantes deberán comparecer no lugar de saída media hora antes. As comparsas deberán ter como mínimo 5 integrantes.

Premios: -1º Clasificado comparsa: 300 €
-2º Clasificado comparsa: 200 €
-3º Clasificado comparsa: 100 €
-Premio Simpatía: 300 €
-Premio Individual: 100 €

Os interesados deberanse inscribir no Concello antes do 28 de febreiro de 2011 e ten que haber como mínimo 10 comparsas para que se leve a cabo.

***I TORNEO DE TUTE NADAL:** o martes 1 de febreiro fíxose entrega dos premios ós gañadores deste primeiro torneo de tute Nadal no centro de maiores. Os premiados foron: Carmen Varela e José López como parella gañadora do torneo, Manuel Rico e Andrés López como subcampións e, por outra banda, as parellas formadas por Andrea e Flora Taboada, xunto con María Lodeiro e Alfredo Barreiro como finalistas da repesca. Os premios foron aportados polas seguintes comercios de Boimorto: "*Supermercado Toñito*", "*Droguería*

Lourdes", "*Casa Moncho*" e "*Supermercado Aliprox Blanco*".

***TORNEO DAS ESCOLAS ADARVE DE TIRO CON ARCO:** o sábado 5 de febreiro terá lugar, no remodelado pavillón de Boimorto, o II Trofeo de escolas Adarve de tiro con arco. A presentación de arqueiros será ás 16:30 e a competición comezará ás 17:00. A entrega dos trofeos será ás 19:30.

***EXCURSIÓN Á NEVE:** o domingo 27 de febreiro realizarase unha excursión á estación de esquí de Leitariegos (León). A hora e lugar de saída do autocar será ás 4:30 da madrugada do Campo do Rosario e a hora estimada de regreso ó redor das 22:00. Os interesados deberán inscribirse nas oficinas do concello antes do 19 de febreiro. Os prezos son de 35 euros para os maiores de 13 anos e de 25 para os de 13 ou menos. Este prezo inclúe o transporte, aluguer de material de esquí (bastóns, botas e esquí) e o forfait para acceder ás pistas. No caso de querer material de snow o prezo incrementase 5 euros. Aquelas persoas que xa dispoñan do seu material rebaixarán 10 euros na súa inscrición. Os que queiran curso de esquí o prezo é de 7,50 euros a hora (recoméndase dúas horas). A excursión só se fará se hai un mínimo de 15 inscritos.

Servizos Sociais

***O TERMALISMO IMSERSO:** Todos aquelas persoas que están interesadas en participar como opción preferente para os meses de setembro a decembro débense anotar antes do 13 de maio.

***Revisión das Pensións non Contributivas.** Todas aquelas persoas que deban revisar a súa pensión deben pasar polos Servizos Sociais antes do 30 de marzo de 2010. Rógase pidan cita no teléfono: 981 51 60 75 para evitar esperas.
